

ORDENANZA FISCAL Número 11

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

Artigo 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polo artigos 133.2 y 144 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo), este Concello establece o Imposto sobre Construcións, instalacións e obras, que se rexirá polo disposto no devanditoa Texto Refundido e pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 1ºBIS.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible a realización no termo municipal de Oleiros de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licencia de obras ou urbanística, obtivérase ou non a devandita licencia ou para a que se esixa a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licencia ou a actividade de control corresponda ao Concello.

2.- DERROGADO

3.- Quedan tamén incluídas no feito imponible do imposto, as construcións, instalacións e obras que se realicen en cumprimento dunha orde de execución municipal ou aquelas outras que requiran a previa existencia dun acordo aprobatorio ou dunha concesión. Nestes supostos a licencia aludida no apartado 1, considerarase outorgada unha vez dictada a orde de execución, adoptado o acordo ou adxudicada a concesión polos órganos municipais competentes, con cumprimento da tramitación preceptiva, e legalmente notificado o acto administrativo ó interesado.

Artigo 2º.- SUXEITO PASIVO

1.-Son suxeitos pasivos deste Imposto a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo que comporte a súa realización.

2.-No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte, quenes soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quenes realicen as construcións, insatalacións ou obras.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.



Artigo 3º.- BASE IMPOÑIBLE, COTA TRIBUTARIA E DEVENGO

1.- A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Non forma parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estrictamente, o custe de execución material.

2.- A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame, que será do 3%.

3.- O imposto devégase no intre de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se acadara a correspondente licencia.

Artigo 3ºBIS.- EXENCIONES

Están exentas deste imposto as construcións, instalacións e obras das que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian a ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como e conservación.

Artigo 4º

1.- O imposto esixirase en réxime de autoliquidación, excepto para os supostos de obras na vía pública, que se xestionarán de acordo co art. 103.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.- Os suxeitos pasivos están obrigados a practicar autoliquidación polo imposto, no impreso habilitado ó efecto polo Concello e a abonala en calquera entidade colaboradora autorizada ou na Oficina de Recadación Municipal.

No caso de expedientes susceptibles de outorgamento de licenza de obras ou urbanística, efectuarase o pago da autoliquidación dentro do prazo máximo dun mes contado a partir do momento no que lle foi notificada a concesión da licenza de construción, instalación ou obra.

No caso de expedientes iniciados mediante a presentación de declaración responsable ou comunicación previa, os suxeitos pasivos acompañarán xunto a esta documentación xustificante de autoliquidar o imposto e ingresar o seu importe.

A data de ingreso inicia o cómputo do prazo de prescrición de catro anos que dá dereito á devolución do importe abonado mediante autoliquidación.

3.- O pago da autoliquidación terá carácter provisional e será a conta da liquidación definitiva que se practique unha vez rematadas as construcións, instalacións ou obras, esta autoliquidación determinarase a base imponible, en función:



Ao orzamento aportado polos interesados, sempre que o mesmo estivese visado polo colexio oficial correspondente, cando isto constitúa un requisito preceptivo.

Noutro caso, a base impositiva determinarase en función dos prezos medios de execución material contidos no Anexo desta Ordenanza.

Na resolución municipal sobre a toma de coñecemento e dando conformidade á comunicación previa ou declaración responsable efectuada, darase conformidade á autoliquidación do imposto, ou ben corrixiase en función dos prezos medios contidos no Anexo da ordenanza, esixindo ou reintegrando ó suxeito pasivo a cantidade que resulte en concepto de subsanación da autoliquidación efectuada. En caso de diferenzas a favor da Administración municipal, o suxeito pasivo presentará e ingresará autoliquidación complementaria pola cantidade correspondente, dentro do prazo dun mes contado a partir do momento en que lle foi notificada a citada resolución municipal.

4.- Tendo en conta a obra realizada e o seu custo real e efectivo, o Concello, previa comprobación, poderá modifica-la base impositiva a que se refiren os apartados anteriores, establecendo a obriga de presentar a correspondente autoliquidación complementaria ou reintegrando ó suxeito pasivo a cantidade que resulte. En caso de diferenzas a autoliquidar polo suxeito pasivo, éste presentará e ingresará a autoliquidación pola cantidade correspondente, dentro do prazo dun mes contado a partir do momento en que lle foi notificada a resolución de modificación da base impositiva.

5.- Para estes efectos, no caso de que se modificara o proxecto inicial das construcións, instalacións ou obras e se incrementara o presuposto, unha vez aceptada a modificación pola Administración Municipal, os suxeitos pasivos están obrigados a presentar no prazo dun mes nova autoliquidación complementaria pola diferenza entre o presuposto inicial e o modificado con suxeición a prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

6.- No suposto de que a correspondente licenza de obras ou urbanística, sexa denegada ou non se executen as construcións, instalacións ou obras, o interesado terá dereito á devolución das cotas satisfeitas, unha vez se lle notifique a denegación da licenza ou formule renuncia expresa á licenza ou caducara a mesma.

Artigo 5º.- INSPECCIÓN E RECADACIÓN

Inspección e recadación do Imposto realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións dictadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6º.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 7º.- BONIFICACIÓN

1. Bonificacións para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

As obras de reforma de edificacións xa existentes que se realicen co fin de favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, beneficiaranse dunha bonificación do 60% da cota resultante e acorde coas seguintes regras:

- Necesariamente no inmovible a que se refiren as obras de reforma, ha de residir habitualmente unha persoa discapacitada, a cal debe estar empadroada.

-Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

-No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación da dita edificación para favorecer as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, unicamente computarase para o cálculo da cota con dereito a bonificación, as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desagregado na parte correspondente a obras que favorezan as ditas condicións. Xuntarán á solicitude memoria elaborada por técnico competente na que se motive e valoren as partidas correspondentes ás obras de acceso e habitabilidade de conformidade á normativa sobre accesibilidade para as que se solicita a bonificación.

A bonificación terá carácter rogado, e o prazo de solicitude será desde a presentación da solicitude da licenza de obra ata a finalización do prazo de ingreso da autoliquidación do imposto. Na solicitude deberá de identificarse á persoa discapacitada, autorizando ao Concello á consulta do Padrón Municipal de habitantes e aportarse certificado de discapacidade emitido polo órgano competente (Consellería de Sanidade e Servizos Sociais ou equivalente).

2. Bonificación a favor das construcións, instalacións ou obras que foran declaradas de especial interese ou utilidade municipal por fomento de emprego.

2.1.- En base ao establecido no apartado a) do artigo 103.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establécese que terá dereito a unha bonificación de ata o 95 por cen na cota do imposto a realización de construcións, instalacións ou obras realizadas para a implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, cando esta fora declarada polo Alcalde segundo os criterios fixados polo Pleno, de especial interese ou utilidade municipal, por concorrer circunstancias de fomento do emprego, sempre que coincidan as figuras de suxeito pasivo do imposto e o titular que promova o fomento de emprego e se implanten en solares vacantes dos ámbitos urbanísticos que se sinalan a continuación:

-SUNP I-33-R Industrial de Iñás.

-SUNP I-3-R (Iñás).

-SUNP A-32 e 2-A Xesta.

-Parcelas de solo urbano consolidado Ordenanza 8 do PGOM: Solo urbano industrial na intersección de Rúa das Ondas e Avenida das Mariñas (Perillo) , solares de uso industrial na Urbanización Icaria (Rúa Icaro e Vulcano) , solares na Rúa dos Álamos intersección coa Avenida das Mariñas e solares na Rúa Anade Real.

-POL-13 Bastiagueiro (Terciario).

-SUND D 15 R en Romardeiro.



-SUNP B 14 R Pazo de Lóngora.

-E en xeral as parcelas vacantes resultado de desenvolvementos urbanísticos de uso industrial e terciario en exclusiva.

En todo caso a bonificación aplicarase unicamente a aquelas construcións, instalacións ou obras destinadas á implantación dunha nova actividade económica ou empresarial na que se incremente o cadro de persoal con contratos indefinidos.

Polo tanto, os traballadores afectados polos novos contratos de traballo deberán estar afectos á actividade das novas empresas, respecto do novo local durante tres anos (36 meses) a contar desde a data de autorización de inicio da actividade.

2.2.- Establécense os seguintes tramos de bonificación:

-Pola creación de ata 7 postos de traballo, o 50%.

-Pola creación de 8 a 10 postos de traballo, o 60%.

-Pola creación de 11 a 13 postos de traballo, o 75%.

-Pola creación de 14 a 16 postos de traballo, o 80%.

-Pola creación de 17 a 19 postos de traballo, o 85%.

-Pola creación de 20 postos de traballo, o 90%.

-Pola creación de máis de 20 postos de traballo, o 95%.

2.3.- Non se considera creación de emprego:

a) A contratación de traballadores que tiveran relación laboral coa empresa ou grupo de empresas que se atopen afectadas por procesos de fusión, absorción, cambio de denominación, sucesión ou circunstancias similares.

b) As contratacións derivadas de traslados ou movementos do persoal dentro da empresa ou do grupo de empresas, sexa da mesma ou distinta actividade económica, dentro do termo municipal de Oleiros.

2.4.- As autoliquidacións polo Imposto que corresponda presentar en base ao establecido polo artigo 4º.2 desta Ordenanza calcularanse aplicando as porcentaxes de bonificación que corresponda de acordo co establecido no acordo de declaración de actividade económica ou empresarial de especial interese ou utilidade municipal por fomento do emprego. Acompañarán á autoliquidación copia de esta declaración.

2.5.- A comprobación da creación de emprego realizarase polo Departamento de Xestión Tributaria, previo informe dos Servizos Municipais de Emprego, tendo en conta a media de contratacións indefinidas iniciais realizadas durante o período de 36 meses a contar dende a data da autorización de inicio da actividade. Todo elo a efectos de establecer a porcentaxe de bonificación que corresponde aplicar na cota do imposto.



Para elo, o representante legal da empresa presentará durante o mes seguinte á finalización dese período de 36 meses, declaración responsable no que indique a relación nominal mes a mes dos contratos indefinidos iniciais efectuados exclusivamente para o centro de traballo obxecto de bonificación realizados nos 36 primeiros meses de exercicio da actividade, contados desde a data de autorización de inicio da actividade, distinguindo entre os contratos a xornada completa e os contratos a xornada parcial, indicando o número de horas de cada un deles, acompañada da documentación xustificativa da mesma (informe de vida laboral do código conta de cotización....) e declaración xurada conforme os novos contratos non se corresponden cos supostos aos que se refiren os apartados a) e b) do apartado 2.3 deste artigo.

O Concello reservarase o dereito de solicitar tanta documentación sexa necesaria para a verificación da creación e o mantemento de emprego que da lugar a aplicación da bonificación regulada nesta ordenanza.

Á vista da documentación presentada comprobarase a procedencia ou non da bonificación aplicada polo suxeito pasivo na autoliquidación, calculando o número de postos de traballo como promedio dos primeiros 36 meses de exercicio da actividade, a efectos de aplicar o tramo de bonificación que corresponda; practicando no seu caso a liquidación que corresponda.

2.7.-Esta bonificación poderá solicitarse respecto das construcións, instalacións ou obras referidas a novas actividades instadas durante os cinco anos seguintes a contar dende a entrada en vigor da modificación deste artigo, aprobada por Pleno de data 30 de xuño do 2021.

ANEXO Á ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS

1.- OBRA MENOR:

Relación de prezos medios de execución material definida polos servizos técnicos municipais achegada á presente ordenanza.

	<u>Uds.</u>	<u>Descrición</u>	<u>Euros</u>
		1. - DEMOLICIÓN	
1,1	m3	Demolición de muro de carga de ladrillo macizo, retirada de 18,14 escombros, incluído apeos de forxado e pp de ferramentas, elementos auxiliares e seguridade	
1,2	m3	Demolición de muro de formigón en masa de espesor variable con 42,44 martelo rompedor e compresor de aire, con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-13	
1,3	m3	Demolición de muro de cachotaría de espesor variable con martelo 38,00 rompedor e compresor de aire, con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-13	
1,4	Ud	Levantamento de carpintería, i/marcos, follas e accesorios, con 6,53 retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-18	
1,5	m2	Demolición manual de tabique de fábrica de ladrillo con retirada de 4,36 escombros e carga, segundo NTE/ADD-9	
1,6	m2	Demolición manual de tabique de fábrica de ladrillo a 1/2 pé con 7,25 retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-9	
1,7	m2	Demolición de pavimento de baldosa con martelo rompedor e 6,58	



		compresor de aire, retirada de escombros, segundo NTE/ADD-10	
1,8	m2	Picado de azulexado con retirada de escombros	8,70
1,9	m3	Demolición manual de soleira de formigón en masa con retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-19	94,28
1,10	m2	Picado de recebo de cemento en paramentos verticais, retirada de escombros e carga	9,00
2. – MOVEMENTO DE TERRAS			
2,1	m3	Escavación de gabias en terreos compactos con medios manuais, segundo NTE/ADZ-4-6	46,20
2,2	m3	Escavación de gabias en terreos compactos con pala retroescavadora, i/axuda manual nas zonas de difícil acceso, limpeza e extracción de restos, segundo NTE/ADZ-4-6	11,00
2,3	M3	Escavación en gabias para canalizacións exteriores en terreos compactos, con pala retroescavadora, i/axuda manual, limpeza e extracción de restos, carga e transporte de sobranes a vertedoiro autorizado	5,00
2,4	m3	Recheo de gabias con terras propias, segundo NTE/ADZ-12	8,55
2,5	m3	Recheo de gabias con terras de préstamo, segundo NTE/ADZ-12	26,95
2,6	m3	Carga de terras con pala retrocargadora sobre camión	2,94
2,7	m3	Terraplén compactado con solo seleccionado procedente de préstamo a pé de obra, i/estendido, rego, compactación e refino de noiros, segundo NTE/ADE-5	11,04
3. – CERRAMENTOS			
3,1	M.L.	Cerramento de arame	6,00
3,2	M.L.	Cerramento de tea	25,00
3,3	M2	Cerramento de zócalo	60,00
3,4	M.L.	Cerramento de zócalo + tea (0.60 + 1.20)	85,00
3,5	M.L.	Cerramento de cachotaría + enreixado	190,00
3,6	M.L.	Colocación de columna para contador da luz	190,00
4. – CUBERTAS			
4,1	m2	Desmontaxe de cuberta de placas onduladas de fibrocemento, i/demolición de cumieiras, limas e encontros, retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-3	7,35
4,2	m2	Desmontaxe de cuberta de tella, i/demolición de cumieiras, limas e encontros, retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-3	8,11
4,3	m2	Desmontaxe de cuberta de placas de lousa, i/demolición de cumieiras, limas e encontros, retirada de escombros e carga, segundo NTE/ADD-3	7,50
4,4	m2	Cuberta de placas de fibrocemento de onda grande, colocada sobre correas, i/pp de solapes e recortes, s/NTE-QTF	23,00
4,5	m2	Cuberta de tellas cerámicas, i/pp de roturas e solapes, s/NTE-QTT	31,74
4,6	m2	Lousa inclinada de formigón HA-25/P/20 de central armado con aceiro B-400S, i/encofrado, vibrado, curado e desencofrado, segundo EHE	80,00
4,7	m2	Cuberta de lousa en pezas de primeira calidade, i/pp de recortes, s/NTE/QTP	35,00
4,8	m	Canlón de PVC, colocado con adhesivo, i/pp de gafas de PVC e accesorios	17,00



5. – ALBANELERÍA

5,1	m2	Azulexado de paramentos interiores con azulexo	34,48
5,2	m2	Azulexado de paramentos interiores con azulexo monococión	26,94
5,3	m2	Pavimento de baldosas de terrazo de grao mediano	35,00
5,4	m2	Recebo maestreado, fratasado e brunido de paramentos verticais interiores	15,00
5,5	m2	Recebo maestreado, fratasado e brunido de paramentos verticais exteriores	15,50
5,6	m3	Estrutura de formigón prefabricado en piares, xácenos e vigas	452,50
5,7	m2	Soleira para instalacións de formigón, estendido sobre terreo limpo e compactado	20,32
5,8	m2	Soleira drenante	21,09
5,9	m2	Fábrica de bloque oco de formigón vibrocomprimido split antihumidade	45,47
5,10	m2	Dobre fábrica de ladrillo cerámico	23,09
5,11	m2	Cerramento formado por fábrica de ladrillo oco dobre	39,70
5,12	m3	Formigón de central armado en muros de contención	245,50
5,13	m3	Cachotaría careada de granito silvestre	175,60
5,14	m2	Fábrica de pedra natural en taco a xunta seca	95,50
5,15	m2	Fábrica de pedra natural en taco cunha cara vista, encintada con morteiro	92,50
5,16	m2	Fábrica de cantaría de granito albero	175,00
5,17	m2	Estrutura metálica electrosoldada en naves con cuberta	65,90
5,18	m2	Estrutura metálica electrosoldada en edificios	58,50
5,19	m2	Forxado unidireccional de semiviguetas armadas e bovedillas cerámica	43,95
5,20	m2	Forxado unidireccional de semiviguetas armadas e bovedillas de formigón	43,95
5,21	m2	Lousa horizontal de formigón de máis de 25 cm de espesor	95,23
5,22	m2	Lousa horizontal de formigón de menos de 25 cm de espesor	80,07
5,23	m2	Estrutura de formigón prefabricado de edificio industrial	52,75
5,24	m2	Estrutura de formigón HA-30/P/20 de central armado	73,67
5,25	m3	Formigón de central HA-25	120,44
5,26	m2	Muro de bloque gris	23,75

6. –PINTURAS

6,1	m2	Revestimento de paramentos verticais interiores con pintura plástica	5,94
6,2	m2	Revestimento de paramentos verticais exteriores con pintura plástica impermeable	8,64

7.-GALPÓNS

7,1	M.2	Galpón de bloque ou ladrillo	190,00
7,2	M.2	Galpón de madeira	81,00

8.-CARPINTERÍA

8,1	UD.	Porta de entrada	350,00
8,2	UD.	Porta interior	180,00



8,3	UD.	Ventá ou dobre ventá	188,09
8,4	UD.	Velux	300,00
8,5	M.2	Cerramento de balcóns e terrazas (galería)	155,00
8,6	M.2	Rexa de seguridade en portas e ventás	51,40
8,7	M.2	Portal	150,00
9. -FONTANERÍA E SANEAMENTO			
9,1	UD.	Inst. de fontanería e saneamento de aseos	220,50
9,2	UD.	Inst. de fontanería e saneamento de baños	350,00
9,3	UD.	Inst. de fontanería e saneamento en cociñas	350,00
9,4	UD.	Lavabo incluído conxunto de billas	166,20
9,5	UD.	Inodoro incluso conxunto de billas	158,70
9,6	UD.	Bidé incluso conxunto de billas	141,62
9,7	UD.	Bañeira incluso conxunto de billas	159,40
10. -ELECTRICIDADE			
10,1	UD.	Instalación eléctrica	1.500,00
11. -CALEFACCIÓN			
11,1	UD.	Instalación de calefacción	3.100,00
12. -POZOS			
12,1	UD.	Pozo de barrena	1.300,00
12,2	UD.	Pozo artesiano	1.700,00
13. -FOSA SÉPTICA			
13,1	UD.	Fosa séptica e pozo filtrante	1.250,00
14. -PISCINAS			
14,1	M.2	Piscina completa (>1.500.000 Ptas./Ud)	451,14
15. -PISTAS			
15,1	M.2	Pista deportiva	50,42
15,2	M.2	Beirarrúas	38,37
16.- VARIOS			
16,1	M2	Cartel / Valla publicitaria	90,00
16,2	UD	Antena parabólica	340,00

2. - OBRA MAIOR: Relación de prezos medios de execución material:

- Vivenda exenta unifamiliar: 637 €/m2 construído
- Vivenda acaroada unifamiliar: 610 €/m2 construído
- Vivenda plurifamiliar: 564 €/m2 construído.
- Vivenda V.P.O.-A: 500 €/m2 construído.
- Trasteiros, porches, terrazas abertas: 171 €/m2 construído.
- Local libre en p. baixa/garaxe-aparcamento: 288 €/m2 construído.
- Naves industriais e talleres: 307 €/m2 construído.
- Terciario de oficinas e servizos: 512 €/m2. construído.
- Centro comercial en edificio exclusivo: 610 €/m2. construído.
- Local comercial e industria-escapate: 430 €/m2. construído

3. - Estes baremos serán incrementados anualmente en canto se publiquen no Boletín Oficial do Estado as actualizacións correspondentes ás Vivendas de Protección Oficial (VPO).

DISPOSICIÓN FINAL: A presente Ordenanza modifica a aprobada polo Pleno de data 28-06-96 (Modificacións Plenarias de 15/7/97, 14/10/97, 20/04/1.999, 14/12/2001, 21/03/2003, 28/04/2005, 25/9/2008, 29/9/2011, 25/09/2012, 25/09/2014, 29/10/2015, 28/06/2018 e 26/09/2019).

Dilixencia para constatar que:

A presente Ordenanza foi aprobada por Pleno de data 28 de xuño de 1.996 e o seu texto íntegro foi publicado no B.O.P. Nº 242 de 21 de outubro de 1.996, modificándose o seu Anexo por Pleno de data 15-7-1.997.

Por Pleno de 15-7-1.997 modificouse o Anexo, publicándose o texto íntegro da Ordenanza no B.O.P. Nº 231 de 8-10-1.997.

Por Pleno de 14 de outubro de 1.997 modificouse o artigo 3º, publicándose o texto da Ordenanza modificada no B.O.P. Nº 296 de 27-12-1.997.

Por Pleno de data 20 de abril de 1.999 modificáronse os artigos 1º, 3º e 4º, publicándose no B.O.P. Nº 184 de data 12/8/1.999.

Por Pleno de data 14 de decembro do 2001 modificouse o “Anexo” da Ordenanza, publicándose o seu texto no B.O.P. nº 54 de 6 de marzo do 2002.

Por Pleno de data 21 de marzo de 2003 modifícase o artigo 1º, engádese un novo artigo 1º bis, modifícase o apartado 1 e 2 do artigo 2º, modifícanse os artigos 3º, 4º, 5º e 6º, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº.: 129 de data 7 de Xuño de 2003.

Por Pleno de data 28 de abril de 2005 modificáronse os artigos 1º, 2º, 6º e Anexo, publicándose os seus textos íntegros no B.O.P. nº 192 de data 23 de agosto do 2005.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modifícase o Anexo á Ordenanza e se incorpora un novo artigo 7º, publicándose os seus textos íntegros no BOP nº 285 de 12 de decembro de 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modifícase o Anexo á Ordenanza, publicándose o texto no BOP nº 241 de 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2012 modificáronse os artigos 1º bis, 2º e 4º, publicándose o texto no BOP nº 241 de 19 de decembro do 2012.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2014 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto no BOP nº 240 de 16 de decembro do 2014.

Por Pleno de data 29 de outubro do 2015 modificouse o artigo 4º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 244 de 22 de decembro do 2015.

Por Pleno de data 28 de xuño do 2018 modificáronse os artigos 1º BIS e 7º, publicándose os seus textos íntegros no BOP Nº 202 de data 23 de outubro do 2018.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019 modificouse o artigo 7º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 235 de data 11 de decembro do 2019.

Por Pleno de data 30 de xuño do 2021 modificouse o artigo 7º, publicándose o seu texto íntegro no BOP Nº 164 de data 30 de agosto do 2021.